



## **RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.-**

**ASUNTO:** APROBACIÓN DAS LISTAS DEFINITIVAS DE ORIENTADOR/-A LABORAL NO CONCELLO DA LARACHA

**EXPEDIENTE:** 2021/E001/000017

Tendo en conta a resolución de concesión da subvención de orientador laboral (P TR331A/2021) pola que se concede a este Concello una subvención ao abeiro da Orde de 23/12/2020 para a nova contratación orientador/a laboral.

Vista a necesidade deste Concello de contratar un en réxime de persoal laboral temporal, nun proceso selectivo para a cobertura temporal a través de procedemento de concurso-oposición, do posto de orientador laboral persoal laboral temporal, dentro do programa de concesión de subvención para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio 2021 de acordó as seguintes características:

O día 17 de agosto foron aprobadas por esta alcaldía mediante resolución 827/2021 as correspondentes bases que rexeran este proceso de selección, e publicadas no BOP o día 24 de agosto de 2021. Advertido un erro material na Base Sétima das ditas Bases ditase resolución 881/2021 de corrección de erros publicándose esta no BOP do 2 de setembro de 2021

Á vista das instancias presentadas polos aspirantes preseleccionados, e en cumprimento do previsto no artigo 15.1.c do Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido de la Ley del Estatuto de los Trabajadores, e tendo en conta as atribucións que me confiren os artigos 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar, de acordo coa base terceira, a seguinte lista definitiva de admitidos, ao non haber ningún excluído:

NOME E APELIDOS	DNI
ALVAREZ GONZÁLEZ, MARÍA ISABEL	***6990**
CASTIÑEIRAS BARRAL, MARIA DEL MAR	***3664**
COLLAZO GARCIA, BEATRIZ	***9116**



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña  
Tif.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331  
Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413  
C.I.F. P-1504200-E  
[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

GARCÍA MALLO, IRENE	***3432**
IGLESIAS GARCÍA, MÓNICA	***1691**
NIETO SANTOS SUSANA	***8326**
PEDREIRA DOVALE, ANA	***9178**
PEREIRA RODRÍGUEZ, MARÍA	***7800**
PRADA DIAZ, EVA	***9050**
RAMA NÚÑEZ, MARÍA DEL PILAR	***3157**
RIVERA ESTÉVEZ, BEGOÑA	***8084**
SANJURJO SILVARREDONDA, FRANCISCO JAVIER	***8359**
ZAS REY, IRIA ZELTIA	***3751**

**SEGUNDO.** - Nomear as seguintes persoas como membros do tribunal para o desenvolvemento deste proceso:

Presidente: Eduardo Mera Rico (Interventor do Concello da Laracha)

Secretario: Miguel Piñeiro Souto (Secretario do Concello da Laracha)

Vocais:

Ana Carmen Jimenez Mosquera (AEDL do Concello da Laracha)

Ana Aldao Corral (Psicóloga do Concello da Laracha)

Lucía Barreiro Angeriz (Administrativa do Concello da Laracha)

Suplentes:

Presidenta: Sonia Corral Corral (Tesoureira do Concello da Laracha)

Secretario: Juan Carlos Antelo Martínez (Tec. Admón Xeral do Concello da Laracha)

Vocais: Miguel Barbeito Miguez (Técnico Deportes do Concello da Laracha)

Andrea Rodríguez Lorenzo (Animadora Cultural do Concello da Laracha)

María del Carmen Ameijeiras Arias (Técnica de Servizos Socias do concello da Laracha)

**TERCEIRO.**- O Tribunal reunirse para a valoración de méritos previamente a data da proba práctica.





**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

**CUARTO.-** Fixar a data, lugar e hora de inicio da fase de oposición para o día 20 de setembro de 2021 ás 11:00 horas no Edificio Administrativo do Concello da Laracha, sito na Avda de Fisterra, nº 60, A Laracha.

Tendo en conta as recomendacións das autoridades sanitarias fronte á COVID-19, adóptanse as seguintes medidas preventivas para protexer a saúde de todas as persoas implicadas no proceso selectivo e evitar o contaxio e a propagación da Covid-19:

Medidas de Carácter Xeral:

- Nas aulas de exame, a distribución das mesas e/ou cadeiras realizarase mantendo a distancia interpersoal mínima de 1.5 metros.

- Non poderán acceder ao centro aquelas persoas con síntomas compatibles con COVID-19 (tose, febre, dificultad para respirar e/ou perda de olfacto e gusto), aquelas a as que se lles diagnosticou a enfermidade e que non haxan finalizado o período de illamento requirido ou as que se atopen en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19. -

Os opositores accederán ao edificio sós, excepto os que teñan algún tipo de discapacidade, que poderán acceder acompañados por outras persoas.

- Establecerase o acceso exclusivo aos edificios onde se realicen os exames para os opositores, membros do tribunal e colaboradores.

- Mentres permanezan no edificio, todas as persoas están obrigadas ao uso de máscara en todo momento.

- Mantemento en todo momento da distancia mínima de seguridade (1,5 metros).

- Á entrada das aulas de exame haberá hidroxel para a limpeza obrigatoria dos opositores no acceso e á saída das mesmas.

- Unha vez finalizado o exame, os opositores abandonarán o edificio onde este se realizou. Medidas na Identificación dos opositores:

- Con carácter xeral, os membros do tribunal e colaboradores evitarán manipular os documentos de identificación (DNI, etc.) pedindo ao opositor que sexa el quen os mostre ao tribunal. En caso de ser necesaria a súa manipulación, despois procederase ao lavado de mans con auga e xabón ou hidrogel, no seu caso.





**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

---

Asinado dixitalmente polo sr. Alcalde, José Manuel López Varela, do que eu secretario, Miguel Piñeiro Souto, dou fe.

